



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

NÚM. EXP. PCO.001.2020.00271

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ADXUDICA O ACORDO MARCO PARA A SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA E POR PREZO UNITARIO DE VEHÍCULOS CON DESTINO Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA, PARA A SÚA CESIÓN A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DA PROVINCIA DA CORUÑA, PARA A MELLORA DOS SERVIZOS E/OU PRESTACIÓNS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS E/OU SOCIOSANITARIOS, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2020.00271, LOTE 3

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

ANTECEDENTES

1º.- A Mesa de Contratación na súa sesión de data 11/03/2021 en relación co expediente PCO.001.2020.00271, LOTE 3, acordou:

1.1.- Admitir na licitación as ofertas presentadas por

BREOGAN MOTOR, S.L.
GONZACAR S.L.
TALAUTO PLUS, S.L.

1.2.- Excluir da licitación á empresa Talleres Aguinaga,SL, tras o trámite de audiencia outorgado, porque declara que non pode facturar o que implica incapacidade de obrar.

2º.- A Mesa de Contratación na súa sesión de data 25/03/2021 en relación co expediente PCO.001.2020.00271, LOTE 3, propuxo:

2.1. Excluir a oferta de Gonzacar S.L. debido a que o vehículo ofertado excede as dimensións de alto fixadas no Prego de Prescricións Técnicas.

2.2. Outorgar un trámite de audiencia a BREOGAN MOTOR, S.L. para que xustificara a oferta que contiña valores anormalmente baixos.

3º.- A Mesa de Contratación, na súa sesión de data 15/04/2021 en relación co expediente PCO.001.2020.00271, LOTE 3, á vista do informe técnico emitido, considerou xustificada a oferta de BREOGAN MOTOR, S.L. e propuxo a adxudicación á dita empresa por ser a oferta que obtivo a maior puntuación.

4º.- Mediante Resolución da Presidencia nº 15422 de data 20/04/2021 requiriuse a BREOGAN MOTOR, S.L para que presentase a documentación esixida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

A citada entidade presentou a documentación requirida e depositou a garantía por importe de 10.500,00 € (garantía definitiva por importe de 5.250,00 € e garantía complementaria por importe de 5.250,00 € como consecuencia do carácter anormalmente baixo da oferta).

RESOLVO:

1º) Ratificar a exclusión de Talleres Aguinaga, S.L. nos lotes 2, 3, 4 e 5, tras o trámite de audiencia outorgado, porque declara que non pode facturar o que implica incapacidade de obrar, e de Gonzacar

S.L. no lote 3, debido a que o vehículo ofertado excede as dimensións de alto fixadas no Prego de Prescricións Técnicas.

2º) Adjudicar mediante procedemento aberto con pluralidade de criterios (todos eles de avaliación automática) o ACORDO MARCO PARA A SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA E POR PREZO UNITARIO DE VEHÍCULOS CON DESTINO Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA, PARA A SÚA CESIÓN A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DA PROVINCIA DA CORUÑA, PARA A MELLORA DOS SERVIZOS E/OU PRESTACIÓNS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS E/OU SOCIOSANITARIOS, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2020.00271, **LOTE 3: Vehículo tipo furgoneta de 9 prazas**, á empresa **BREOGAN MOTOR, S.L.**, con domicilio na Avenida das Mariñas, 286, 15172 OLEIROS (A CORUÑA), e NIF B15585102, nas seguintes condicións:

2.1. Información do contrato:

Tipo de contrato: subministración

Procedemento: aberto con pluralidade de criterios

2.2. Duración e prazo de execución:

A vixencia do acordo marco será de dous anos, contados a partir do día seguinte á data da súa formalización en documento administrativo e poderá prorrogarse por un ano máis. No entanto, no caso de que o importe das subministracións adjudicadas alcance a contía de 1.000.000,00 €, excluído o IVE, entenderase extinguido o acordo marco, aínda cando non finalizase o período de vixencia.

O prazo de entrega dos bens é de cinco meses e computarase desde o día seguinte á notificación da adjudicación do contrato baseado no acordo marco.

2.3. Vehículo ofertado: **TOYOTA PROACE VERSO SHUTTLE VX L1 1,5D 120CV 6MT(2021) SHUTTLE VX**

2.4. Prezo unitario:

Prezo unitario (base impositivo)	17.066,63
IVE	3.583,99
Outros impostos	1.664,00
Prezo por vehículo IMPOSTOS INCLUÍDOS	22.314,62

2.5. Financiamento: O financiamento dos contratos baseados no acordo marco efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria que se indique no acordo de adjudicación do contrato baseado.

2.6. De conformidade co disposto no artigo 151 LCSP, indícase que:

Resultaron admitidas para participar na licitación as ofertas de BREOGAN MOTOR, S.L. e de TALAUTO PLUS, S.L., que cumpren os pregos.

A oferta de BREOGÁN MOTOR, S.L. obtivo a maior puntuación na valoración dos criterios de adjudicación establecidos no prego, todos eles de avaliación automática e, en virtude desta resolución, resulta adjudicataria do contrato. As características e vantaxes da súa proposición e que determinaron que fora seleccionada a súa oferta son as seguintes:

	TALAUTO PLUS, S.L.			BREOGÁN MOTOR, S.L.		
LOTE 3: Furgoneta de 9 prazas	CITROEN JUMPY COMBI BLUEHDI 120 S&S 6V TALLA M CONFORT			TOYOTA PROACE VERSO SHUTTLE VX L1 1,5D 120CV 6MT (2021) SHUTTLE VX		
Marca e modelo ofertado						
I. Características mínimas do vehículo de conformidade co esixido no prego de prescricións técnicas						
Características	Valores segundo prego	Oferta	verificación cumprimento	Valores segundo prego	Oferta	verificación cumprimento
Potencia	Maior ou igual a 100 CV	120	cumpre	Maior ou igual a 100 CV	120	cumpre
Caixa de cambios	Manual	S/	cumpre	Manual	S/	cumpre

Número de velocidades	5 ou máis cara a adiante e 1 cara atrás	5+1	cumpre	5 ou máis cara a adiante e 1 cara atrás	6+1	cumpre
Emisións	segundo normativa europea en vigor	SI	cumpre	segundo normativa europea en vigor	SI	cumpre
Número de prazas	9	9	cumpre	9	9	cumpre
cor	branco obrigatorio	SI	cumpre	branco obrigatorio	SI	cumpre
porta lateral	porta lateral dereita corredera	SI	cumpre	porta lateral dereita corredera	SI	cumpre
Lonxitude	4900 mm. aprox. (± 25%)	4959	cumpre	4900 mm. aprox. (± 25%)	4959	cumpre
Anchura	1800 mm. aprox. (± 25%)	1920	cumpre	1800 mm. aprox. (± 25%)	1920	cumpre
Altura	1900 mm. aprox. (± 25%)	1899	cumpre	1900 mm. aprox. (± 25%)	1890	cumpre
Sistemas electrónicos de asistencia en freada	esixidos	SI	cumpre	esixidos	SI	cumpre
Sistemas electrónicos de control de estabilidade	esixidos	SI	cumpre	esixidos	SI	cumpre
radio con sistema Bluetooth incorporado	esixido	SI	cumpre	esixido	SI	cumpre
Aire acondicionado	esixido	SI	cumpre	esixido	SI	cumpre
II. Outras características valorables						
Equipamento e prestacións		oferta	puntuación		oferta	puntuación
Cambio automático		NON	0		NON	0
Faros antinéboa dianteiros		SI	2		SI	2
Sistema Stop Start		SI	2		SI	2
Control de estabilidade		SI	3		SI	3
Consumo combinado inferior a 8,5 l./100km.		6,3	2		6,5	2
Emisións de CO₂ inferiores a 110g/km		168	0		170	0
Potencia de motor superior a 100 c.v.		120	1		120	1
Freado de emerxencia anticollisiones		NON	0		NON	0
Detector de fatiga		NON	0		NON	0
Sistema de navegación GPS		NON	0		NON	0
Sensores de aparcamento:		SI (SÓ TRASEIROS)	2		NON	0
Cámara de visión traseira		NON	0		NON	0
Garantía de carrocería e mecánica superior a dous anos		NON	0		NON	0
Mantemento incluído cada 20.000km (ou máis frecuencia)		NON	0		NON	0
III Prezo (oferta económica)						
LOTE 3: Furgoneta de 9 prazas						
Prezo unitario (base imponible)		23.966,00	0		17.066,63	50
IVE		5.032,86			3.583,99	
Outros impostos					1.664,00	
Prezo por vehículo IMPOSTOS INCLUIDOS		28.998,86			22.314,62	
PUNTUACIÓN TOTAL			12			60

3º) Requerir ao adxudicatario para que conorra a formalizar o acordo marco o día que ao efecto se lle sinala, previo depósito na Caixa da Corporación das taxas por formalización de contratos administrativos por importe de 70,17 €.

Ao tratarse dun contrato suxeito a regulación harmonizada, a formalización do contrato non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación de adxudicación aos licitadores.

Unha vez transcorrido este prazo sen que se interpoña recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato, o órgano de contratación requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise a notificación para a formalización.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado esixiráselle o importe do 3 por cento da presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, sen prexuízo do establecido na letra b) do apartado 2 do artigo 71 LCSP respecto da súa declaración de prohibición de contratar.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá optar por interpoñer, con carácter potestativo, o recurso especial en materia de contratación a que se refire o artigo 44 da LCSP, ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que se remita a notificación do acto impugnado, de conformidade co previsto no artigo 50 do citado texto legal. No seu caso, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución. No entanto, se o considera conveniente, pode exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.